

Fins Eirexas (ADEGA) - Representando a Alianza Rural Galega 28/01/2014

<https://www.youtube.com/watch?v=Mk8Bcup2E1M>

Resumo:

Mudar a lei por outra máis flexible que favoreza ós intereses dos grupos de presión. Que a participación sexa algo máis que un trámite (pacto polo territorio non debe ser mediante as elites políticas)

Argumentos:

Continuas modificacións da lei 9/2002 (10 modificacións), aprobadas ata por gobernos do mesmo partido que a promoveu, este feito deixa clara a ausencia dun consenso político e unha incapacidade para deseñar, manter e cumprir un marco normativo estable, o máis grave e que eses continuos "parcheos" da norma obedecen a unha falla de respecto crónica das administracións públicas, comezando polos concellos, ás regras de xogo do ordenamento territorial (prazos de adaptación dos PXOM foron a norma e non a excepción)

Normas como a Lei de Montes, a lei de Industria, e regulamentacións sectoriais como o plan do litoral, o plan de acuicultura, o plano director da rede natura ou o plano da minería, que teñen como elemento común a desprotección efectiva do territorio, baten arestora coas limitacións que a vixente lei 9/2002 establece para determinados usos e actividades no medio rural, particularmente sobre o chan rústico, e esta unha das razóns que están detrás da intención da administración de redactar unha nova norma, eliminar o atranco que supón o actual marco normativo para determinados usos (industrias mineiras no solo rústico incluído o de especial protección)

Na fundamentación desta nova lei do solo subxace tamén a intención da xunta para legislar para o "urbanismo real" (referencia ó proxecto sectorial que se pretendía aprobar en Barreiros, para legalizar desfeitas urbanísticas, cousa que non permitiu a xustiza)

Eivas da lei: Artigo 1: Lei centrada no urbanismo (un dos múltiples usos do territorio) e que minusvalora a maioría do territorio galego "mundo rural". O solo rústico (a maioría do territorio), ten nesta proposta un carácter residual. Esta desvalorización do solo rústico común sitúa nun mesmo plano a determinados usos do territorio que non teñen a mesma repercusión sobre o medio e os seus habitantes, e mesmo poden resultar incompatibles entre si, por exemplo os aproveitamentos mineiros fican ó mesmo nivel que os usos agrogandeiros e forestais, obviando a función social destes últimos. Respecto ós usos constructivos, a nova lei permite a desclasificación arbitraria do chan rústico común coa excusa dún "desenvolvemento urbanístico racional" suprimindo as cautelas que fixaba a lei 9/2002, risco de repetir os despropósitos feitos durante os anos da burbulla inmobiliaria que cristalizaron no "modelo Barreiros". Polo que atinxe ó solo rústico especialmente protexido, a desaparición das categorías de solo agropecuario e forestal e a súa asimilación a categoría residual, supón a renuncia interesada da administración de perservar amplas áreas do medio rural cun importante potencial de aproveitamento sustentable e vencelladas a modelos de ocupación do territorio propios de Galicia.

Propostas para unha nova norma: partindo da regra de respectar o que temos e non mudalo continuamente, crese que esta norma non foi redactada para favorecer o máximo consenso

social e político, senón todo ó contrario a acadar un pacto polo territorio. Esta norma supón unha regresión con respecto ó actual marco normativo, carece dunha perspectiva integral, está excesivamente sesgada cara os aspectos urbanísticos, minorando outros usos do territorio e consagra a desprotección e desvalorización do solo rústico usurpando de facto ós concellos a capacidade de fixar determinacións neste tipo de chan.

Pídese a retirada do actual borrador e solicítase a apertura dun proceso realmente participativo no que o conxunto de institucións e axentes sociais que interveñen no territorio poidan integrar as propostas e reflexións nun proxecto de lei que logo se presentaría no parlamento

Ataque o mundo rural e as actividades agrogandeiras que alí se desenvolven, a actividade agraria non é o mesmo que a actividade forestal, poden ser complementarias pero non se desenvolven no mesmo espazo territorial, hai un ataque grave ó concepto de superficie de especial protección agraria e un intento de confusión entre o agrario e o forestal, isto e grave, sobre todo nun momento que a SAU das explotacións cada vez é menor, máxime coa nova PAC. Estase considerando o medio rural e o medio ambiente como unha moeda de cambio en beneficio do grande capital permitíndolle destruír enclaves de grande valor agrario. Privatización dos MVMC en favor da gran empresa (cultivos enerxéticos, industrias de enclave, etc). Posibilidade de reforestación da SAU. Parcela mínima de 2000 m² é unha regresión en canto a dimensionamento das explotacións.

"Industrias enclave", que chega "arrasa" e "marcha". En Galicia sempre houbo minería, pero debese facer de forma racional, consensuada e garantindo o respecto ó entorno e a devolución ó entorno tal e como estaba (un mal exemplo: pena trevinca).

Gustaríanos ser protagonistas dunha lei que xurda dende abaixo (participación real).